



CIRCULAR INFORMATIVA 4/2021

ACORDOS XUNTA DE GOBERNO 23-03-21

1. PRÓRROGA DO PRAZO PARA DEVOLVER OS PRÉSTAMOS DO 1º FONDO DE AXUDA COVID: ATA O 30.12.2021

A Xunta de Goberno, por acordo do 27.04.2020, aprobou a concesión de préstamos sen xuros dirixidos aos nosos colexiados e colexiadas (fondo de axuda Covid) e estableceuse como data límite para a devolución dos importes solicitados o 30.03.2021. Non obstante, dado que o contexto económico e sanitario segue a ser desfavorable, a Xunta de Goberno tomou o acordo de prorrogar o prazo de devolución dos devanditos préstamos ata o 30.12.2021.

2. CREACIÓN DUN SEGUNDO FONDO DE AXUDA DOTADO CON 100.000 €, DESTINADO A PRÉSTAMOS SEN XUROS A COLEXIADOS/AS EXERCENTES RESIDENTES POR CONTA PROPIA

A Xunta de Goberno, na sesión do día 23.03.2021, **acordou a creación dun segundo fondo de axuda dotado con 100.000 euros**, con cargo ao remanente da tesouraría e dirixido a conceder préstamos (sen xuros remuneratorios) aos nosos colexiados/as exercentes residentes por conta propia. Os préstamos, que poderán concederse por uns importes de 600 ou 1.200 euros, teñen como finalidade atender as necesidades profesionais máis urxentes ante unha posible falta de liquidez como consecuencia da situación económica derivada da pandemia que estamos a padecer.

Contía do fondo: 100.000 €

Obxecto do fondo: conceder préstamos sen xuros remuneratorios, por importes de 600 ou 1.200 euros, aos letrados/as exercentes residentes por conta propia deste colexio, destinados a atender as necesidades profesionais do despacho por falta de liquidez.

Requisitos para acceder ao préstamo:

- Ser colexiado/a exercente residente por conta propia.
- Estar ao corrente no pagamento de cotas colexiais no momento de presentar a solicitude (incluído o censo de letrados e os recibos do seguro de responsabilidade civil).
- Posuír unha antigüidade de máis de dous anos como colexiado/a exercente residente deste colexio, no momento de solicitar o crédito.
- Non ser beneficiario/a dun préstamo do primeiro fondo de axuda.

Folla de solicitude e contrato de adhesión:

As solicitudes deste préstamo deberán formalizarse cubrindo a folla de solicitude (**modelo 1**) e o contrato de préstamo ou adhesión (**modelo 2**), anexos a esta circular. Ambos os documentos deberán ser asinados electronicamente pola persoa titular solicitante.

Medio de presentación:

Tanto a folla de solicitude coma o contrato de préstamo e adhesión deberán ser remitidos por correo electrónico ao enderezo: **contabilidade@icasantiago.org**.



CIRCULAR INFORMATIVA 4/2021

Prazo da solicitude:

Establécese un prazo para solicitar o préstamo **ata o 30 de xuño de 2021, ás 14.00 h.**
As solicitudes serán atendidas e rexistradas por rigorosa **orde de chegada.**

Concesión do préstamo:

- Unha vez recibida a solicitude e o contrato de préstamo e de adhesión ás súas cláusulas debidamente asinados, a Xunta de Goberno acordará respecto da súa concesión.
- No caso de concederse o préstamo, realizarase a transferencia polo importe correspondente á conta bancaria indicada polo letrado/a na súa solicitude, nun prazo máximo de sete días.
- A tramitación dos préstamos realizarase por rigorosa orde de presentación das solicitudes.

Prazos para a devolución do préstamo:

- **A data límite para a devolución do préstamo será o 30.12.2021** (non obstante, este prazo poderá ser ampliado se así o autoriza a Xunta Xeral na próxima sesión que se leve a cabo a primeiros de ano).
- Poderanse realizar tamén amortizacións parciais, pero sempre en cantidades iguais ou superiores a 150 euros.
- No caso de que unha vez finalizado o prazo límite non se devolvese o préstamo, as cantidades debidas comezarán a xerar xuros (xuros legais) e procederase á súa reclamación xudicialmente.
- Os colexiados/as solicitantes do préstamo que causen baixa no colexio antes da finalización do prazo de devolución deberán proceder ao pagamento das cantidades debidas no prazo dos dez días seguintes á súa baixa, ao perderse a condición de colexiado.
- Os colexiados/as solicitantes do préstamo que figuren dados de alta no servizo de asistencia a persoas detidas, na quenda de oficio ou nos servizos de mediación penal ou familiar poderán solicitar que o préstamo se compense coas cantidades que o colexio deberá aboar pola prestación destes servizos, sempre que esta compensación acade o mínimo do 50 % das ditas cantidades.

A Xunta de Goberno, respecto da adopción deste acordo, tamén quere dirixir unha mensaxe de chamamento á solidariedade de todos os colexiados e colexiadas para que as solicitudes se leven a cabo de maneira responsable, co fin de que esta medida poida servir para atender aquelas situacións máis delicadas e urxentes.

Documentación anexa:

- Modelo 1, folia de solicitude do préstamo
- Modelo 2, contrato de préstamo e adhesión



CIRCULAR INFORMATIVA 4/2021

